

LÁZARUS

Puxafeita

1.INT.CASA MATEO-DÍA

MATEO érguese da cama, vístese, almorza coa súa familia colle o seu maletín e sae pola porta.

2.INT. PISO XOEL-DÍA

XOEL tumbado na cama ao seu lado durme un MOZO espido boca abaixo. Colle unha caixa de cigarrillos na mesa de noite, colle un meteo na boca e prendeo. Érgese e pon uns boxers. Colle o móbil na mesa de noite mira a hora un intre.

XOEL
JODER!!

(con moita presa)Tira o mobil enriba da cama, colle uns pantalón enriba do sofá, ponos. Achégase ata o armario, viste unha camiseta, colle unha chaqueta e sae.

3.EXT. ENTRADA FACULTADE-DÍA

MATEO chega co coche a facultade, Xoel cruza correndo. Mateo frea en seco. XOEL non para. Mateo queda uns intres parado.

4.INT. CLASE-DÍA

XOEL entra na clase, senta o lado dunha moza ca que conversa, LUCAS achégase e empurra a Xoel.

LUCAS
Ei! Lisca do meu sitio

XOEL
Relaxate! A clase é grande dabondo

Volve a empurrar a XOEL mais forte.

XOEL
(Cabreado)
Que?

MATEO
Que te largues, joder

XOEL
(Moi enfadado)
Como?

MATEO entra pola porta co seu meletín. Xoel empurra a Lucas e este devólvello fortemente. XOEL cae nas escaleiras. Mateo achégase e levanta polo brazo.

(CONTINUED)

MATEO

Que pasa aquí? (Mira a Xoel) Estas ben?

XOEL

(Moi enfadado)

Non me toques

Sacude o brazo polo que o agarra Mateo. Colle a mochila e marcha da clase airado.

5.INT. CORREDOR FACULTADE-DÍA

XOEL camiña apurado polo corredor, da un puñetazo contra a parede.

6.INT. CLASE-DÍA

MATEO entra na clase.

MATEO

Bos días! Hoxe...

XOEL e MATEO cruzan miradas. MATEO perde a concentración. Escribe no encerado "Lazarus"

MATEO

(recupera o fío)

Hoxe imos a falar do "Modelo transaccional do estrés" de Lazarus.

Xírase. Camiña dun lado a outro do encerado

MATEO

O estrés é unha transacción entre a persoa e o ambiente, está mediado por procesos cognitivos. O proceso explicativo podémolo dividir en tres partes

Escribe un esquema no encerado "1.Estímulo estresor" (duas frechas)"interna" "externa"

MATEO

Na primeira o suxeito atópase cun estímulo estresor, unha situación perigosa que pode ser interna (recordos, pensamentos, malestar físico)ou externas (ruptura afectiva, problemas laborais)

Escribe no encerado "2.Evaluar". Continúa explicando cara a clase. Os alumnos toman apuntes e prestan atención.

MATEO

En segundo lugar, e a clave do modelo, o suxeito evalúa esa situación. As situacións ou estímulos non son obxetivamente estresantes, senón que dependen de como a persoa o interprete. Aquí atopámonos con dúas fases, a primeira, onde o suxeito evalúa un suceso como estresante ou irrelevante, e unha segunda, na que o suxeito valora os seus recursos para afrontar a situación

Escribe "3.Resposta" Volve a xirar para explicar cara os alumnos.

MATEO

E por último responde a esa situación que interpreta como perigosa utilizando estratexias de afrontamento. Ante elevados niveis de estrés o suxeito vese acurralado e pode reaccionar de xeitos inesperados.

Soa o timbre e saen os alumnos. Xoel achégase a mesa de Mateo

XOEL

(cortado)

Podería recomendarme algún libro sobre esta patoloxía?

MATEO

(cun sorriso)

Si, claro. Ti eras?

XOEL

Xoel

MATEO

Pois mira Xoel, hoxe non trouxen o de Lázarus, pero pode que este che sirva.

Dalle un libro a Xoel

MATEO

De todos xeitos ven un día polas
tutorías e empréstoche o outro
(sorrí)

XOEL

Moitas grazas

Xoel sae olleando o libro

7.INT.DESPACHO MATEO-DÍA

MATEO está revisando uns papeis, XOEL entra no despacho tocando a porta que está aberta e a cerra tras de si.

XOEL

Podo pasar?

MATEO

Si, por suposto

XOEL

Viña a devolverlle o libro que me
emprestara.

MATEO

Tan rápido?

XOEL

É un tema no que estou interesado.

MATEO

E iso?

XOEL

(titubea)

Digamos que... me afrontei a
situacións complicadas.

MATEO

Non creo que a tua idade...

XOEL

(Cortao, irritado)

Esas cousas non teñen que ver cá
idade.

MATEO

(Avergonzado)

Bueno, xa, claro. Se me contas o
que che sucede, pode que coñeza
algún libro que che poda axudar.

(CONTINUED)

XOEL
(Incómodo)
Prefiro non falar diso.

XOEL está afundido.

MATEO
(intenta ser simpático para
quitar tensión)
Mira, se queres máis información
ven hoxe a cear a miña casa e
emprestoche o libro do que che
falara.

8.INT. DESPACHO MATEO CASA

Mateo busca información sobre Xoel no seu portátil. Busqueda "Xoel Rivas". Mateo con cara de conmocionado.

CARLOTA (OFF)
A que hora dixeches que chegaba?
Mateo? Mateo?

Entra Carlota pola porta do despacho.

CARLOTA
Mateo e esa cara? pasou algo?

Achegase a Mateo que está sentado diante do ordenador, abrázao por detrás. Carlota le o que estaba mirando Mateo. Aparecen artigos nos que se conta que houbo un accidente de coche no que ían Xoel e os pais e foi o único supervivinte.

9.INT. CASA MATEO-NOITE

MATEO e CARLOTA están poñendo a mesa.

CARLOTA
Non sei como actuar, e se digo algo
inapropiado?

MATEO
Se o máis natural posible.

CARLOTA
É demasiado triste, estar só a esa
idade. Imaxina que fora o noso
fillo. Non quero nin pensalo

Soa o timbre. CARLOTA marcha cara a cociña mentres MATEO vai recibir a XOEL. CARLOTA volve cunha bandexa de comida. XOEL entra no comedor seguido de MATEO. CARLOTA sauda a XOEL.

MATEO

Xoel, esta é a miña muller,
Carlota.

XOEL mira a MATEO sorprendido.

CARLOTA

Hola Xoel! Encantada de coñecerte,
Mateo faloume moito de ti.

XOEL

(incómodo)

Hola!

CARLOTA achégas a XOEL e dalle dous bicos, XOEL queda paralizado.

CARLOTA

Senta, por favor. Espero que che
guste a quish.

XOEL e MATEO sentan, CARLOTA colle a bandexa e sirve comida nos platos. Carlota senta e mira a mesa, volve levantarse.

CARLOTA

Esquecín o pan. Carlota marcha en
dirección a cociña.

XOEL achégase un pouco a MATEO.

XOEL

Pensei que íamos estar sos?

MATEO

Non sei porque pensache iso.

CARLOTA entra no comedor co pan, pono na mesa e senta.

CARLOTA

Espero que vos guste, levo toda a
tarde cociñando. Xoel queres pan?

CARLOTA estende a cesta do pan, XOEL miraa e nega coa cabeza. Mateo sorielle.

10.INT. DESPACHO MATEO CASA-NOITE

Mateo entra no despacho seguido de Xoel. Busca nunha estantería con libros e colle un.

(CONTINUED)

MATEO

Este é o libro do que che falei.
"Estrés e procesos cognitivos". Mil
vezes mellor explicado que en
calquera das miñas clases (ri)

MATEO xírase. XOEL está apoiado no escritorio xoguetando
cun bolígrafo. Mateo achégase a el. Míranse. Mateo
exténdello libro, Xoel érguese e colleo lentamente. Xoel
achégase e bícao na boca. Mateo apartao.

MATEO

Creo que vai a ser mellor que te
vaias

11.EXT. CASA MATEO-NOITE

XOEL vaise da casa de MATEO mentras CARLOTA está recollendo
a mesa

12.INT. DESPACHO MATEO-DÍA

MATEO traballando no escritorio. Chaman a porta

MATEO

Adiante

XOEL

Ola! Perdon por interromper

Entra, queda de pé detrás da silla

MATEO

(seco)

Creo que vai ser mellor que marches

XOEL

(desesperado)

Non, por favor. Deixa que me
desculpe. Foi un malentendido

MATEO

(continúa seco)

Isto non é necesario, de verdade

XOEL

Por favor, deixa que me desculpe.
(Ten unha idea) Convídote a tomar
algo.

(CONTINUED)

MATEO

(comeza a fraquear, ve a Xoel
tan desesperado que lle da
magoa)

Non creo que sexa adecuado

XOEL

Veña, será como se fósemos un par
de colegas. Por favor

MATEO

Esta ben!

Xoel alégrase

MATEO

Unha cervexa nada máis.

13.INT.BAR-NOITE

Vemos a MATEO e XOEL cunhas cervexas enriba da mesa e un
libro nas mans de Mateo. Conversan animadamente. Mateo
sinala algo no libro, Xoel achégase.(hai contacto visual)

14.INT. CASA XOEL-NOITE

XOEL e MATEO entran bicándose. Xoel comeza a quitarse a
camiseta. Xoel desabotónalle a camisa a Mateo, agarra o
cinturón e desabróchallo, Mateo axúdalle a desabrochar o
pantalón. Xoel baixalle os pantalóns.

Mateo e Xoel están na cama. Mateo esperta, sae da cama e
marcha con cuidado recollendo a súa roupa polo camiño. O
peche da porta esperta a Xoel, incorpórase, mira cara os
lados en busca de Mateo.

XOEL

Pfff

Deixa caer a cabeza enriba da almofada mentres bota unha man
a cabeza e mira o teito.

15.INT. DESPACHO MATEO-DÍA

Mateo está revisando varios papeis sentado no seu
escritorio. Xoel entra no despacho. Mateo está falando cunha
alumna. Mateo mira a Xoel.

(CONTINUED)

MATEO
Rematamos mañá?

ALUMNA
Si claro.

A alumna colle a súa carpeta e bolso do chan. Mira a Xoel uns intres e marcha. Mateo levántase, vai ata a porta e péchaa.

MATEO
(enfadado)
¿Que fas aquí? O de onte non era eu.

XOEL
Eu creo que si que o eras.

MATEO
(non moi convencido do que di)
Teño todo o que se pode desexar. É mellor que marches.

Mateo abre a porta un pouco. Xoel achégase e forcexea ata pechala.

XOEL
Iso nunca me resultou un problema.

Xoel achégase a Mateo. Están cara a cara. Xoel bícao. Mateo sepárase e volve rapidamente a devolverllo bico. Empótranse contra a estantería, caen algúns libros. Camiñan bicándose ata a mesa. Xoel tira o que hai enRima da mesa

MATEO
A ver quen ordea despois isto?

Xoel rise

16.INT.BAÑO UNIVERSIDADE-DÍA

XOEL e MATEO están dentro dun dos baños. Vense dende ariba bicarse. Pola parte baixa da porta vese uns pantalóns que se baixan

17.INT. PISO XOEL.DÍA

XOEL e MATEO na cama de Xoel.Mateo tumbado, Xoel bica en dirección descendente o peito de mateo. Moita pel. Vese enriba da mesita o mobil de Mateo, unha chamada entrante de Carlota

18.INT PISO XOEL-DÍA

Xoel está tumbado na cama semiespido, Mateo está sentado de espaldas na cama vestíndose. Xoel colle un pitillo, mira a Mateo.

XOEL
Quedamos mañán?

MATEO
Non.

XOEL
E pasado?

MATEO
(decidido)
Non vamos quedar máis. Isto ten que rematar.

Mentres prende un pitillo

XOEL
(non o toma en serio)
Sempre co mesmo

MATEO
Non me gusta enganar a todo o mundo.

XOEL
O mellor tiñas que pensar niso antes. Relación causa-efecto lle chamades os loqueiros

MATEO
(mira mal)
Acabarán por descubriros.

XOEL
E cal é o problema? Así xa non teríamos que andar as agachadas.

MATEO
Estás tolo? Teño a vida que sempre quixen.

XOEL
(enfadado)
En serio? Sempre quixeches vivir unha farsa?

(CONTINUED)

MATEO
Isto é un erro.

XOEL
Non digas iso.

MATEO
Non podo seguir así.

Mateo érguese da cama decidido. Colle a sua chaqueta enriba do sofá e dirixese a porta, Xoel segueo.

XOEL
E que pasa conmigo?

Mateo pecha a porta sen dicir nada.

19.EXT. PARQUE-DÍA

Mateo e Carlota camiñan polo parque agarraos da man. Carlota xírase un pocuco a mirar unha esquina. Nesa esquina uns rapaces peganlle unha malleira a outro.

RAPAZ 1
Serás maricón!!

RAPAZ 2
Chupapollas

RAPAZ 3
A xente coma ti está jodendo este
pais

Carlota empurra a Mateo nesa dirección.

CARLOTA
Ese non é Xoel??

Mateo achégase ata os rapaces. Mira a Xoel que está no chan. Xoel mirao uns intres antes de tapar a cara coas mans. Mateo vai onde Carlota.

MATEO
Non é. Vamonos!

CARLOTA
Pero...

Mateo colle a Carlota polo brazo e tira de ela.

MATEO
(moi enfadado)
Dixenche que non vamos.

Xírase airado e marchan

20.INT. CASA MATEO-DÍA

MATEO entra na clase e o sitio de Xoel está valeiro. Respira aliviado.

MATEO
Señores, comecemos...

21.INT. RECIBIDOR CASA MATEO-NOITE

Mateo abre a porta. Xoel está empapado e borracho, sécase a cara sen importarlle os moretóns, entra no recibidor empurrando a porta.

XOEL
(borracho)
CARLOTA!!CARLOTA!!!

MATEO
¿Que estás facendo?

XOEL
Onde está? CARLOTA!! CARLOTA!! Teño que falar con ela

MATEO
Cala, non está!

XOEL
Non me mandes calar! Temos de falar de todo o que temos en común (rí con sorna)

MATEO
Estás borracho? Vaite da miña casa!

Mateo agarrao.

XOEL
Déixame! Déixame joder!

Xoel intenta desfacerse do seu brazo, cae o chan e comeza a chorar.

22.INT.COCHE MATEO-NOITE

Mateo conduce en silencio. XOEL fuma un cigarrillo, tira a colilla pola ventana. Mateo frea, Xoel mirao sen resposta. Xoel abre a porta, sae e marcha. Mateo mira o fronte, morde os labios e comeza a dar golpes contra o volante.

MATEO

Merda! Merda! Merda! MERDA!
MERDA!MERDA! JODER!!

23.INT. DESPACHO MATEO CASA-DÍA

MATEO escribe unha carta.

24.INT. PASILLO PISO XOEL-NOITE

MATEO pasa a carta por debaixo da porta.

25.INT.PISO XOEL-NOITE

XOEL recolle a carta do chan, abrea e comeza a ler.

26.EXT. AZOTEA-NOITE

Mateo está ó borde do edificio fumando. Xoel aparece correndo cá carta na man.

XOEL

(enfadado)

Podes explicarme que significa todo isto?

Xoel da un paso cara Mateo e levanta a carta.

XOEL

"Non podo soportar isto" ¿Estás tolo?

Xoel da outro paso cara Mateo.

XOEL

(preocupado)

Ven comigo! E deixa de facer parvadas.

Xoel ponse ó carón de Mateo.

(CONTINUED)

XOEL
(suplicante)
Por favor, non o fagas. Isto non
arranxa nada. Podemos falalo.

Xoel tócalle a Mateo o brazo.

MATEO
(frío, sorí de medio lado)
Ti non o entendes.

Mateo pasa o brazo por detrás da espalda.

27.EXT.RÚA-NOITE

Un home pasea pola rúa co seu can. Escoita gritos e achegase
a ver o que pasa. Hai un mozo no chan